

## Barrio da Revitada

010128

### Datos de Localización

Casa Vivenda

<b>Nomenclator:</b>	3200507
<b>Coord. UTM:</b>	X: 603054 Y: 4642289
<b>Concello:</b>	Baltar
<b>Parroquia:</b>	VILAMAIOR DA BOULLOSA
<b>Lugar:</b>	Vilamaior da Boullosa
<b>Tipoloxía:</b>	Arquitectura Civil
<b>Tipo:</b>	Casas Vivendas
<b>Subtipo:</b>	<b>Casa Vivenda</b>



**Denominación:** Barrio da Revitada

**Etapa Histórica:** Idade Moderna

**Estilo relevante:** Popular

**Outros Estilos:**

**Descrición:**

O Barrio da Revitada data do século XVIII e comezos do XIX, trátase dunhas edificacións que forman un conxunto construtivo homoxéneo. Todas as casas repiten o mesmo modelo. Están realizadas en granito, algunhas de perpiaño, outras de cachotería. Presentan planta rectangular co primeiro andar para a vivenda e a planta baixa para a corte. A maioría provistas de escaleiras de perpiaño con corredores e patíns. As cubertas, aínda que hoxe son de tella, en orixe eran de colmo. A base destas cubertas son unhas serie de laxes colocadas en ángulo recto a modo de cornixas dobres para protexer do vento. Isto na zona denomínase, panal .

Varias das construcións do barrio presentan inscricións de fundación, nas lumieiras das portas.

Este barrio foi a orixe da Bolullosa. Segundo os veciños, os habitantes primixenios, mudáronse á zona máis próxima á estrada, actual núcleo de poboación, fai uns cen anos máis ou menos. O trasladarse de emprazamento, as vivendas cambiaron de uso, deixando de ser lugar de residencia para empregarse como palleiras e/ou cortes.

### Características Construtivas

**Plantas:** B+1

**Edif. Anexas:**

**Mat. Fachada:** Granito

**Mat. Estrutura:** Granito e madeira

**Mat. Cuberta:** Tella

**Elementos singulare**

**Construtivos:** Canzorros e pilares aristados nos patíns e corredores das casas.

**Decorativos:** Inscrición nas lumieiras: "1734" e "ANO DE 1824"

## Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección:

## Protección

Tipo de ben: Sen rexistrar

Proposta de tipo de ben: Inventariado

Estado de Tramitación:

Nivel de Protección Arq.: Sen protección

Proposta Nivel de Protección Arq. Estructural

Grao de Protección Arq.: ----

Proposta Grao de Protección Arq. ----

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

## Conservación-Intervención

Estado de Conservación Malo

Uso Actual: Almacenamento

### Alteracións Morfolóxicas

Tipo: Morfolóxicas

Data:

Descrición: As cubertas orixinais de colmo, agora son de tella e mesmo de fibrocemento. Varios dos muros están reformados empregando materiais non tradicionais, tales como ladrillo, cemento e bloque de formigón. Os peches dos vanos, tampouco son en materiais respectuosos, como o aluminio.

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

## Bens Móbiles















